



**CONVENIOS DE COLABORACIÓN
INTERADMINISTRATIVA ENTRE A DEPUTACIÓN DE
LUGO E OS CONCELLOS PARA A POSTA EN MARCHA
DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES
NA PROVINCIA DE LUGO**

1. MARCO LEGISLATIVO PARA A POSTA EN MARCHA DOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES MEDIANTE CONVENIOS DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

A Deputación de Lugo, sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contan os concellos iniciou un proxecto para dar resposta a necesidade máis que evidente e manifesta de construción e/ou financiamento de residencias e centros de día para persoas maiores. Así ao longo dos últimos anos, fóronse artellando diferentes formas de cooperación e colaboración tanto técnica, como económica entre distintos concellos e Deputación, dando lugar a unha rede de Centros de atención a persoas maiores financiadas pola entidade provincial.

Os concello de Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo e Trabada asinan coa Deputación Provincial de Lugo, tendo en conta a situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación con especial repercusión nas zonas rurais os convenios de colaboración interadministrativos asentándose estes un marco normativo estatal, autonómico e local que merece especial mención:

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

A Constitución Española de 1978, indica no seu artigo 50, que os poderes públicos promoverán servizos sociais que permitan garantir a protección e atención particulares que precisan os colectivos de persoas maiores, que atenderán aos seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio. Por outra banda, no artigo 137, establécese que o estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e en Comunidades Autónomas, gozando de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

LEI 7/1985 DE BASES DO RÉXIME LOCAL

No seu artigo 25.1 establécese que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e en todo caso exercerá, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, sen embargo, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que os concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica.

A Lei de bases do réxime local establece que as Deputacións teñen como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica

e social. De acordo co establecido no artigo 36 unha das competencias propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

LEI 5/1997, DO 22 DE XULLO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA

Segundo se establece no artigo 100 sobre municipios rurais, os municipios rurais e a Xunta de Galicia poderán celebrar convenios mediante os que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica e económica destinadas a dotar a aqueles de infraestrutura precisa para garantir a prestación dos servizos mínimos aos e ás cidadás.

LEI DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA

No ámbito competencial, e tendo en conta o establecido no artigo 60 da Lei de servizos sociais de Galicia, correspóndenlles aos Concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras competencias a creación, xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos. As competencias exerceranas os concellos por si mesmos ou asociados, ou a través de fórmulas de colaboración interadministrativa, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Establécese no artigo 63, que as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica, aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

Salientar, por outra banda, o indicado na Lei no artigo 64 bis, Promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais: A Administración xeral da Comunidade Autónoma, promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular. Estes convenios de servizos sociais, poderán ter por obxecto a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación destes, mediante centros de día e residencias, ou o cofinanciamento de Centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou achega de medios humanos,

técnicos ou financeiros e, no seu caso das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir cos principios establecidos nesta disposición.

**DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS
COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO**

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 26 as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, no marco do establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, sendo a atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía mediante residencias e centros de día.

LEI 3/2011 DO 30 DE XUÑO DE APOIO A FAMILIA E A CONVIVENCIA DE GALICIA

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no artigo 19 en relación ás persoas maiores, que as actuacións da Administración pública galega, garantirán a cobertura das necesidades de atención e coidado das persoas maiores: prestando atención integral e continuada ás persoas maiores procurando o seu benestar físico, psíquico e social, especialmente a aquelas que se atopan en situación de dependencia; posibilitando a permanencia das persoas maiores no ámbito familiar e social no que teñan o seu arraigamento; e fomentando niveis de atención de calidade na prestación de servizos ás persoas maiores.

2. APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS PARA A POSTA EN MARCHA DE CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES

Así, os plenos das distintas corporacións municipais de Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Pol, veñen de aprobar os convenios interadministrativos de colaboración que posibilitan a posta en marcha de centros de atención as persoas maiores nestes municipios. Resultan aprobados dous tipos de convenios interadministrativos de cooperación:

- ***Os convenios marco interadministrativos de cooperación***

Estes convenios marco articulan unha técnica cooperativa, enmarcada nas relacións interadministrativas das administracións locais da provincia de Lugo, o cal aposta pola mellora no uso e xestión dos recursos públicos, aumentando a rendibilidade social. Teñen por obxecto fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos Centros de atención as persoas maiores; implantar e aplicar a regra de prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social; e establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial.

- ***Os convenios específicos interadministrativos de cooperación***

Serán os que desenvolvan os convenios marcos interadministrativos de cooperación, nos cales se recollerán o servizo de atención residencial, que se prestará directamente polas administracións intervinientes e as prestacións que non se poden prestar directamente por estas (dadas as limitacións para a contratación de persoal establecidas pola normativa orzamentaria) e débense cubrir mediante contratación, previa a licitación e adjudicación correspondente de conformidade coa normativa sectorial en materia de servizos sociais e co previsto no artigo 30.3 da Lei de contratos de Sector Público, onde se establece que a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido na Lei de Contratos.

Tendo en conta os convenios de colaboración interadministrativos asinados entre a Deputación de Lugo e os concellos de **Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Castroverde**, estaremos a falar neste caso, dunha xestión directa coa contratación das seguintes prestacións recollidas no Anexo I do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determinase o sistema de participación das persoas usuarias no seu custe:

C) Area de formación básica e instrumental.



Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

E) Area de Servizos xerais.

Manutención e dietas especiais.

Limpeza e mantemento.

Lavandería/xestión de roupa.

